

MESTRE TENREIRO

D. Ramón Tenreiro Cons, naceu en Ferrol no ano 1882, onde viviu ata marchar para Cangas. Alí era veciño de Francisco Franco, co que viviu moitos momentos xuntos.

Unha vez en Cangas, tivo unha zapatería na rúa que agora leva o seu nome, e tamén escribía cantigas e coplas para as comparsas do Entroido.

Foi director da banda de música de Cangas, da que dimitiu despois de negarse a poñer a gorra vermella da Falanxe.



A cambio das súas cancións non quería diñeiro, prefería que lle pagaran en especies, aínda que fóra un cuartillo de viño.

A súa nai pediulle que lle mandara unha carta a Franco para pedirlle un traballo, pero el dicía que prefería morrer de fame.

Conta o seu neto que un día apareceron dous señores pola porta que lles prometeron pagar 50 pesetas polas súas cancións. A súa viuva vendeulle as obras pero nunca chegou a cobralas.

Faleceu en Cangas, en abril de 1937, cando tiña 55 anos de idade.

Unha das súas coplas máis populares, que aínda hoxe se escoita cantar á xente maior, foi a que compuso para a comparsa "Los Capuchones", e que relataba unha disputa entre dous concelleiros: Nores e Corbacho.

Todos al saber lo que pasa aquí
nos pusimos en camino
para averiguar si era cierto al fin
lo que en la prensa leímos.

Es nuestra misión la causa indagar
y por desgracia sabemos
que dos ediles del pueblo
disgusto nos quieren dar.

Señor Alcalde, señor Alcalde,
cuente con Los Capuchones
para evitar que los concejales
quieran pelearse en las sesiones

Conseguiremos a todo trance
que el socialista y el radical
hagan las paces y que se abracen
y se disfracen en Carnaval.

Ya sé de fijo,
no sé por qué,
que siempre amigos
tienen que ser... (bis)

(Agradecemos a información facilitada por D. Joaquín Tenreiro Marcos, neto do Mestre, que conta o que el recorda do que a el lle contaron acerca do seu avó, quen xa falecera meses antes de el nacer)